



REDACCIÓN

FASES:

Inventio	1º.- Busca de ideas	Chuvia de ideas ~ Formulación de preguntas ~ Documentación ⁱ .
Dispositio	2º.- Organización das ideas	Seleccionar. Planificar ⁱⁱ : Plan temático ~ para informar (cronolóxico) ~ para argumentar.
Elocutio	3º.- Redacción-exposición das ideas.	Parágrafos. Estrutura progresiva. Estilo directo e claro: Claridade, corrección, orde-organización, expresión fluída.
	4º.- Revisión. Corrección.	Revisión → Responde ao tema? Trata os puntos esenciais? A redacción é clara e comprensible? Corrección → Para eliminar erros (de ortografía, puntuación, léxico...)
	5º.- Presentación.	Presentación → Letra clara e marxes.



INVENTIO

DISPOSITIO


ELOCUTIO

ESTRUTURA	Primeiro parágrafo	Introdución ⁱⁱⁱ		1. Introducción-Cita
				2. Intoducion-Síntese
				3. Introducción-Interrogante
	Seguintes parágrafos	Desenvolvemento ^{iv}	2º parágrafo	a) Parágrafos. b) Estrutura organizada. c) Progresión da información. d) Conectores. e) CCC
			3º parágrafo	
			4º parágrafo (Pode haber máis)	
	Último parágrafo	Conclusión ^v		1. Recordar a introdución.
2. Formular preguntas.				
3. Mirar ao futuro				



i FASE I: BUSCA DE IDEAS (INVENTIO)


Chuvia de ideas.	<p>Consiste en pensar e escribir todo o que nos suxire un tema:</p> <p>1º.- Debemos deixar voar a imaxinación e apuntar palabras e frases breves. 2º.- Debemos relacionar unhas ideas con outras (numerándoas, usando frechas...).</p> <p>Tema: A guerra. Chuvia de ideas: intolerancia, violencia, industria do armamento, vítimas inocentes...</p>
Formulación de preguntas.	<p>As preguntas poden ser as que o xornalismo aplica na redacción das noticias: 5W+1H: Who, What, Where, When, Why + How → Quen? Que? Onde? Cando? Por que? Como?</p> <p>Tema: A guerra. Preguntas: Quen a provoca? Quen se beneficia? Onde...? Cando...? Como...? Por que...?</p>
Documentación (Obras de consulta)	<p>Consiste en consultar libros de texto, enciclopedias, obras especializadas, Internet... para ampliar a información.</p> <p>Tema: A guerra. Obras de consulta: Libros de texto (Historia), diccionario enciclopédico (voz "guerra")...</p>



ii FASE II: ORGANIZACIÓN DE IDEAS (DISPOSITIO).

Non debemos escribir de corrido segundo se nos van ocorrendo as ideas. Tras buscar as ideas, hai que organizalas antes de redactar. Pasos:

- 1º.- Selección. Hai que elixir as ideas e datos máis importantes (subliñado).
- 2º.- Elaboración dun plan (para ordenar as ideas seleccionadas):
 1. Plan temático. Preséntase a idea principal e ordénanse ó seu redor as secundarias e os distintos puntos de vista. P.e. redacción sobre *A publicidade*. Podería tratar: comunicación publicitaria, linguaxe publicitaria, publicidade e consumo.
 2. Plan para informar. Preséntanse as ideas seguindo unha orde cronolóxica.
 3. Plan para argumentar. Preséntase unha tese e deféndese con argumentos. Convén que estes se apoiem con exemplos.
Tese: Cómpre aforrar auga.
Argumentos: Resulta doado (ducha en vez de baño), evita problemas derivados das secas...



iii INTRODUCCIÓN. Presentación. Estratexias:

Introdución-cita	Introdución-síntese	Introdución-interrogante
Utilízase unha frase ou cita para presentar o tema do traballo.	Anticipanse as partes do traballo.	Suxírense, mediante preguntas, os contidos básicos do traballo.
<p>As linguas de Europa</p> <p>Introdución</p> <p>“O idioma é a chave coa que abrimos o mundo”, dixo o poeta Manuel María. Con este espírito iniciamos o presente estudo/traballo/exposición, que abrangue...</p>	<p>As linguas de Europa</p> <p>Introdución</p> <p>Neste estudo/traballo/exposición presentamos unha visión xeral das linguas faladas en Europa. Centraremos especialmente nas linguas románicas...</p>	<p>As linguas de Europa</p> <p>Introdución</p> <p>Cantas linguas se falan en Europa? En que familia se encadra a lingua galega? O presente estudo / traballo / exposición parte destas interrogantes...</p>

iv **DESENVOLVEMENTO.**

- a) Redacción en párrafos. Debemos redactar de modo que cada párrafo reflecta unha soa idea. Cambio de idea → Punto e á parte.
- b) Estrutura organizada.
- c) Progresión da información.
- d) Uso correcto dos **conectores**, para “conectar” os distintos elementos do texto.
- e) CCC → Todo texto ten que ter estas características: Claridade, corrección, orde.

v **CONCLUSIÓN.**

Recordar a introdución.	Formular preguntas.	Mirar ao futuro.
Retomando a introdución crearíase unha estrutura circular → O texto comezaría cun argumento/escenario, e remataría co mesmo argumento/escenario. Serviría para probar a utilidade da súa redacción na creación dunha nova comprensión do tema tratado.	Formular preguntas (aos lectores ou en xeral) pode: a) Axudar os lectores a gañar unha nova perspectiva no tema (non contemplada antes de ler a conclusión), ou b) Unir as ideas principais para crear un novo sentido.	Mirar ao futuro pode: a) Influír no proceso de pensamento dos lectores: pode axudalos a aplicar a nova información ás súas vidas ou a ver cousas máis globalmente, ou b) Resaltar a importancia da súa redacción.

Tamén se poden combinar as anteriores propostas.